

ACTA

Nº 73 Ano 2023.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Laboral Intercentros, sendo as 10,15 horas do día 29 de marzo de 2023, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<i>Nome</i>	<i>Posto</i>	<i>Teléfono</i>
Ascensión Labella Lozano	S.X. Presidencia	4.42.85
Laura Suarez Fernández	D.X. Avaliación e Regorma	4.54.67
Carlos Gomez Martinez	S.X. Emprego	4.47.71
Victor Gallego Vincent	D.X. Función Pública	4.52.37

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<i>Nome</i>	<i>Organización Sindical</i>	<i>Teléfono</i>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Aser Lidia Tobio Martinez	CIG	620-412-818
Francisco Fernández Castro	CSIF	981-560-951
Florinda de la Fuente Moure	UGT	607-629-732

Asisten asimismo Pablo Diaz Vazquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, Maite Magdalena, por Cualtis e Ignacio Piñón, por Ibermútua.

1.- Lectura e aprobación da acta da última reunión.

Se aproba a proposta de acta presentada.

2º Presentación e debate da memoria das actividades preventivas de riscos laborais realizadas no 2022 pola Admón. Xeral da Xunta de Galicia. Para unha mellor articulación deste debate, realizarase por apartados:

- | | |
|-------------------------------|--------------------------------------|
| a) Organización da Prevención | b) Xestión da Prevención |
| a) Avaliacións | d) Vixilancia da saúde |
| e) Formación | f) Participación sindical |
| g) Informe sinistralidade | h) Anexo protocolos vixilancia saúde |

O Xefe do Servizo expón por apartados a memoria elaborada, e no relativo a organización da prevención, desde dita xefatura considerase que debería ampliarse na RPT o número de técnicos coas tres especialidades, tanto as provincias de Lugo e Ourense coma para Servizos Centrais. Tamen infórmase que xa está publicado o

concurso para a adxudicación das actividades preventivas de riscos laborais, dado que o que ésta en vigor, remata o próximo 30 de xuño.

No relativo a xestión infórmase de que continuase na línea da mellora da webriscos, e que dita web se integre coa que xestiona persoal, para que así puidese existir un so expediente persoal e non coma agora que hai dous, un administrativo e outro preventivo. Tamen mencionar a importante redución de emails recibidos, debido a notable diminución de persoas en teletraballo.

Sobre as avaliacións de riscos, houbo un aumento na elaboración das medidas de emerxencia, debido sobre todo a que pouco a pouco, moitos puntos de encontro das Brigadas Medioambientais, convírtense en centros de traballo.

No apartado de vixilancia de saúde, mencionase pola UGT a deficiente calidade na realización dos recoñecementos médicos, na Clínica Deza en Lalín. A representante de Cualtis comenta que informárase sobre esta actuación.

No cuestión da formación houbo un debate sobre se nos procesos de estabilización ou funcionarización, é precisa realizar a formación para persoal de novo ingreso, concluíndose que as persoas que tomarán posesión nestes procesos xa teñen dita formación.

En canto a participación, a parte sindical chama a atención sobre a diminución de reunións nos comités de ámbito autonómico, en concreto, no 2.022 a Consellería de Sanidade non reuniu o seu comité, e as consellerías de Mar, Medio Rural e Cultura so o fixeron unha reunión. A Administración comprométese de novo a promover nas suas estruturas, a convocatoria dos comités de seguridade e saúde.

No apartado de sinistralidade, intervén o representante de Ibermútua, que elaborou o informe e comenta os diferentes apartados e datos que figuran no mesmo. A parte sindical fai constar a sua preocupación polo incremento da sinistralidade no 2022, un 20% mais que no 2021. Os accidentes tiveron lugar maioritariamente fora dos centros de traballo, e a Consellería de Medio Rural e a que ten maior número deles, inda que no resto das consellerías tamen notanse incrementos. A parte sindical volta solicitar que os comités de seguridade sexan convocados, e se fale destes malos datos e de coma reducilos, e tamen se require do Servizo de Prevención que volva os bos datos de investigación de accidentes, que tiña anteriormente e que no 2022 reducíronse considerablemente. Neste escenario de aumento da sinistralidade todas as partes que configuran a política preventiva temos que facer un esforzo para que os accidentes de traballo baixen.

3.- Rogos e preguntas.

CCOO pregunta sobre coma a Administración está enfrentando, nos procesos extraordinarios de estabilización, a problemática das persoas que teñen unha incapacidade permanente laboral total. A Administración resposta que existen arquivos en Función Pública nos que está rexistrada esta situación persoal, e que as persoas que presenten o certificado médico correspondente serán admitidas no proceso.

Levántase a sesión, sendo as 11,35, h.

Vº Bº A PRESIDENTA

Vº Bº O SECRETARIO

ASCENSION LABELLA LOZANO

EDUARDO FREIRE POUSA